XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 31 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE) fronte ao Partido Popular (PP) pola publicación realizada en redes sociais (doc. RE 328/2024), por unha posible infracción do art. 53 da LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 25 de xaneiro de 2024, o representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE) formaliza unha denuncia fronte ao Partido Popular (PP) (doc. RE 328/2024) pola difusión alomenos na rede social Twitter dunha publicación que considera contraria ao art. 53 da LOREX.

   No texto da denuncia figura a seguinte transcrición do vídeo ao que alude:

   "Queridos Galegos do exterior, o proximo 18 de febreiro Galicia ten unha cita coas urnas e a vosa implicación será crucial para poder fixar o rumbo que ten que seguir a nosa terra.

   A voz da Galicia exterior merece ser escoitada. Sempre merece ser escoitada. A vosa opinión importa, e importa moito e o sabedes.
   Así que vos pido que vos informedes e comprobedes as datas e a documentación e que exerzades o voso dereito ao voto dende calquera recuncho do mundo onde vos atopedes.

   O 18 de febreiro CONTAMOS CON VOS, CONTAMOS CON VOS MAIS QUE NUNCA, como sempre, pero máis que nunca.

   O futuro de Galicia conformámolo entre todos e non sería futuro se a Galicia Exterior non participara tamén en dicir como ten que ser. POLA GALICIA DE TODO O MUNDO. PP DE GALICIA"

2. O 29 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á representante xeral do Partido Popular (RS 757/2024) e á Dirección de Relacións

Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia (RS 756/2024), unha copia da denuncia para os efectos de formular alegacións. Destes traslados déuselle coñecemento ao representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE) (RS 758/2024).

3.Cumprindo o trámite concedido, o 30 de xaneiro de 2024, a presidencia da Xunta de Galicia formulou alegacións (RE 364/2024) nas que se afirma que os feitos denunciados non lle son imputables á Administración Autonómica. Tamén formulou alegacións (RE 366/2024) o Partido Popular, nas que..."*A información denunciada publicouse no perfil oficial do Partido Popular @pp_exterior e ten como finalidade informar á cidadanía residente no exterior da celebración de eleccións ao Parlamento de Galicia e que poden exercer o seu dereito ao voto.*

En ningún caso as declaracións conteñen petición expresa ou implícita do voto e non pretenden a captación de sufraxios para ningún partido, como se deduce da correcta transcrición das verbas do presidente do Partido Popular, que soamente invita aos electores a informarse sobre o procedemento para votar, o que parece bastante razoable tendo en conta as características especiais do sistema para facelo dende o exterior"

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. O artigo 53, parágrafo segundo, da LOREX prohibe desde a convocatoria das eleccións ata o inicio legal da campaña electoral a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou inserciónns en prensa, radio ou outros medios dixitais, non podendo xustificarse as ditas actuacións polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coaliciónns ou federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.

Esta prohibición é interpretada pola Instrución 3/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central no senso de que «*durante el referido período, las formaciones políticas y las candidaturas no podrán contratar directamente ni a través de tercero, espacios, soportes o sitios para la difusión de publicidad o propaganda electoral, ya se realice en lugares públicos (jardines, plazas, parques, etc.), ya en soportes comerciales de cualquier tipo, sean vallas, muebles urbanos para la presentación de información (mupis), objetos publicitarios iliminados (opis), cabinas, medios de transporte o similares. Tampoco está permitida la inserción de anuncios en prensa o revistas, o en cuñas radiofónicas, o en formatos*

publicitarios en internet (banners), o en canales comerciales de televisión, o en otros soportes en medios digitales.» (Primeiro.2 da Instrución).

Segundo. A Xunta Electoral Central precisa que a referida prohibición de realizar actividades aos partidos políticos debe ser interpretada sempre de maneira restritiva (entre outros no Acordo do 27 de outubro de 2011), pero considera que non están xustificadas as ditas actuacións polo exercicio de actividades ordinarias cando exista unha contratación comercial desta publicidade ou propaganda sempre e cando teña carácter de propaganda electoral.

Terceiro. Non se considera posible aceptar a argumentación realizada pola formación política denunciada, a cal pretende ampararse na doutrina da Xunta Electoral Central que no seu acordo do 15 de abril de 2021 afirmou que a lexislación electoral non impide que os partidos políticos poidan difundir e informar aos electores do procedemento de voto por corespondencia, sen que se teña efectuado unha petición do voto. Esta Xunta Electoral considera que o feito de que non se pida expresamente o voto non é motivo suficiente para non considerar unha mensaxe como electoralista se de forma indirecta se pretende efectuar unha captación de sufraxios.

Neste caso, o Partido Popular de Galicia publicou alomenos nunha rede social, información acerca das eleccións ao Parlamento de Galicia do 18 de febreiro de 2024. O seu proceder coa utilización da imaxe do seu candidato cabeza de lista unida a frases tales como a de que "*O 18 de febreiro contamos con vos, contamos con vos mais que nunca, como sempre, pero máis que nunca", "Pola Galicia de todo o mundo. PP de Galicia"* non está desprovisto de connotacións electoralistas, pois ainda que nesa publicación non se pida explícitamente o voto ao seu favor, si existe unha clara orientación do mesmo, para que as persoas electoras se decanten a favor desta entidade política.

En consecuencia, tendo incorrido esta formación política na prohibición establecida no artigo 53 da LOREX,

ACORDA

Estimar a denuncia e ordenar a retirada das redes sociais da citada publicación, sen que se aprecien motivos suficientes para incoar un procedemento sancionador. Non obstante, recórdaselle á formación política denunciada a prohibición de realizar calquera outra contratación e difusión de mensaxes deste tipo ata que se inicie a campaña electoral, advertíndolle de que en caso de reincidir nunha conducta similar, procederase a iniciar, se é o caso, o correspondente procedemento sancionador.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 17:00 horas do próximo día 1 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal